

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO

13 DE XUÑO DE 2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón.
D. Andrés Fernández Graña.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Eduardo Lourido Doval.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

Na localidade de San Sadurniño, ás doce horas do día trece de xuño de dous mil quince, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para levar a cabo a constitución do novo Concello de San Sadurniño, vistos os resultados das eleccións do día 24 de maio de 2015, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnen-se os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo secretario-interventor, que dá fe do acto.

Iníciase a sesión coa formación da Mesa de Idade, para o cal o secretario da corporación, unha vez declarada aberta a sesión, le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, atendendo ao disposto nel, procédese a constituír a mesa de idade, integrada polos Concelleiros Sr. Varela Mecías, o de maior idade, que a preside, e Sra. Fernández Muiño, a de menor idade. De seguido, o secretario chama a cada concelleiro electo para que, previamente acreditada a súa personalidade, ocupen o seu lugar. Iníciase de seguido os trámites para a

CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Unha vez constituída a mesa de idade e xa que se tomaron as medidas precisas segundo o disposto no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, infórmase de que Secretaría-Intervención puxo á disposición dos señores concelleiros electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e noutras entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da corporación. Despois, o secretario da mesa procede a ler todas as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas e á comprobación destas. Compróbase, a continuación, que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local, e o presidente da mesa de idade invita os concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, sen que haxa ningunha manifestación por parte deles.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorre a esta sesión a totalidade dos concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

Despois de que o secretario do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xuro (ou prometo), pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de San Sadurniño, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos, que se manifestan da seguinte maneira:

- D. Secundino García Casal: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D^a Sabela Iñiguez Cinza: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D. Manuel Varela Mecías: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D^a María Amparo Calvo González: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D. Manuel Beceiro Couce: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.
- D. Manuel Romero Castrillón: Prometo.
- D. Andrés Fernández Graña: Prometo.
- D^a Silvia Fernández Muiño: Prometo.
- D. Eduardo Lourido Doval: Prometo.

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o presidente da mesa declara constituído o Concello de San Sadurniño despois das eleccións municipais do día 24 de maio de 2015, iniciándose de seguido o procedemento para a elección de Alcalde.

ELECCIÓN DO ALCALDE

O secretario do concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e iníciase á elección do alcalde-presidente da corporación:

a) Proclamación de candidatos á alcaldía

O presidente da mesa de idade pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran. Estes maniféstanse no seguinte sentido:

- D. Secundino García Casal (BNG) mantén a súa candidatura.
- D. Manuel Romero Castrillón (PP) mantén a súa candidatura.
- D. Eduardo Lourido Doval (PSOE) mantén a súa candidatura.

Procédese logo á proclamar os candidatos á alcaldía do concello.

b) Elección do sistema de votación

Despois da proclamación dos candidatos, o presidente da mesa invita os concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) para elixir o alcalde. Unha vez elixido o sistema de votación secreta, facilítase a cada elector unha papeleta en que figuran os nomes e apelidos dos candidatos á alcaldía, indicando que deberán marcar cun X o candidato ao que lle conceden o seu voto.

Procédese a continuación á votación secreta por parte dos señores concelleiros, que son chamados polo presidente da mesa de idade e depositan o seu voto sobre a mesa, diante da presidencia. Os integrantes da mesa de idade son os últimos en depositar os seus votos.

Despois de rematar a votación, realízase o escrutinio dos votos emitidos, que son lidos en voz alta polo presidente da mesa de idade, co seguinte resultado:

VOTOS EMITIDOS: 11.

VOTOS VÁLIDOS: 11.

As papeletas distribúense da seguinte maneira:

- D. Secundino García Casal, candidato do BNG, núm. de votos 8.
- D. Manuel Romero Castrillón, candidato do partido PP, núm. de votos 3.

En consecuencia e á vista do resultado da votación, obtendo o Sr. García Casal a maioría absoluta, o presidente da mesa de idade procede a proclamar alcalde-presidente da corporación a D. Secundino García Casal, cabeza de lista do BNG.

c) Toma de posesión.

A continuación, de conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o secretario procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-presidente do Concello de San Sadurniño, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Seguidamente, o alcalde maniféstase da seguinte maneira: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño e do pobo galego.

Despois de realizar a promesa, o Alcalde electo pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que queda disolta a mesa de idade.

A continuación, o novo Alcalde-presidente, cédelles a quenda de palabra aos representantes das distintas forzas con representación na corporación municipal.

O Sr. Lourido di que estamos nun pobo pequeno e coñecémonos todos, polo que manifesta o seu desexo de evitar conflitos e traballar xuntos na procura do ben común.

O Sr. Romero comeza felicitando ó Sr. Alcalde polo resultado electoral, e di que están aquí para sumar e acadar o mellor para o pobo, e que lles deben ós seus 600 votantes facer unha oposición constructiva pero forte, ó tempo que ofrece a súa colaboración para todo o que sexa en beneficio dos veciños.

En último lugar, o Alcalde electo toma a palabra e dirixe as seguintes palabras ós asistentes: "Bo día a todos e todas.

Bo día tamén á nova alcaldesa do Concello de Moeche, que xa foi investida ás 10 da mañán, e quixo acompañarnos neste acto.

Grazas a todos e a todas por estar hoxe aquí asistindo á constitución da corporación municipal que vos representará nos próximos 4 anos.

Vou ser moi breve, e antes de nada quero darlle a benvida ás persoas que hoxe se estrean como concelleiros e concelleiras e a aquelas que, coma min, volvemos ser depositarias da confianza veciñal expresada nas urnas.

Somos veciños e veciñas que nos coñecemos de sempre. Persoas. Sobre todo iso, persoas de carne e óso, ás que nos encomendades o deber de defender a institución da que formamos parte. Un encargo que se debe traducir na procura do ben común a través do diálogo e do respecto mutuo.

O pobo, que como digo sempre citando palabras de Xosé Afonso "é quen máis ordena", demostrou o 24 de maio a súa madurez democrática. E fíxoo sen medo, en liberdade

Corren tempos difíciles para o municipalismo, afogado por recortes económicos e pola redución da súa autonomía malia ser a institución máis próxima á cidadanía. Pero tamén é unha época complicada para as persoas ás que representamos por mor da crise e do retroceso nos seus dereitos sociais e laborais.

A xente non quere que os seus representantes se leen nin tampouco que se "dean caña" polo mero feito de desgastarse uns aos outros, como alguén suxeriu hai algúns días neste mesmo lugar. Máis que iso, a sociedade esíxenos que deamos a talla propoñendo ideas no marco dun debate san e necesario e que as levemos a cabo co maior consenso posible.

Por iso lle pido responsabilidade no seu labor aos concelleiros e concelleiras dos grupos de oposición e aos que teremos a tarefa de gobernar. Responsabilidade e lealdade á institución. O futuro de San Sadurniño está por riba de personalismos e intereses partidarios.

Se estamos aquí desde hoxe é para traballar por un territorio que ofrezca oportunidades e benestar. Para sumar e construír, en definitiva, non para restar e destruír só por resentimento.

Nuns días organizaremos o funcionamento do Concello coa estruturación das distintas áreas de

gobierno. Hoxe fun elixido alcalde, que non é pouca responsabilidade. E canda min hai un grupo de persoas comprometidas co desenvolvemento de San Sadurniño e coa construción do País desde os concellos.

Iniciamos a transformación en 2007, continuámola en 2011 e queremos afianzala de agora en diante con novas propostas agrupadas en cinco grandes eixos estratéxicos.

- Temos que abrir aínda máis o Concello á cidadanía afondando nos mecanismos de participación e mellorando ata onde sexa posible a xestión administrativa.
- Temos que ordenar o territorio cun planeamento con visión de futuro e co máximo consenso que defina o San Sadurniño dos próximos anos.
- Debemos seguir poñendo en valor todo o que ofrece o territorio como cerna dun desenvolvemento sustentable.
- Cómpre seguir apoiando ás familias, a igualdade e a educación potenciando aqueles servizos fundamentais para a sociedade que San Sadurniño reivindica como públicos e de calidade.
- E todo isto ha de facerse baixo o paraugas da defensa da lingua, da cultura, do deporte, do noso patrimonio, do noso tecido asociativo e de todo aquilo que nos identifica como pobo... como persoas de San Sadurniño.

Ninguén pode dicir hoxe onde estaremos dentro de catro anos. Só poido dicir que os enfrontarei e os enfrontaremos con ilusión e humildade, sendo conscientes de que gobernar non é unha ciencia exacta e que moitas veces as cousas nin dependen só de nós nin saen como pensabamos.

Pero iso non quita que debamos ser responsables e consecuentes co que fagamos día a día. Como tampouco quita que nos sigades orientando, axudándonos coas vosas ideas e tirándonos das orellas cando consideredes que estamos equivocados. De fronte, coa naturalidade e a normalidade democrática que conquistou San Sadurniño nos últimos anos.

Presentamos un plan de traballo, un proxecto real e realista de Concello que queremos levar adiante. Déstesnos a vosa confianza e temos a obriga de facer todo o que está nas nosas mans para non defraudarvos.

Moitas grazas."

Seguidamente, o Sr. García Casal, Alcalde-presidente, dá por rematada a sesión ás doce horas e vintetrés minutos, do que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,